

Poemas

LUÍS REI NÚÑEZ

Para faceres infinito

Se ti es un sapo de borras
e queres rebelarte, e ser
de novo a lapa e gabear
aire arriba.

Se estás só
de solemnidade. Se es
limacha de cinza e fume,
e o teu niño é un pozo
sen danza, nin verbas, nin auga.
Se ti es unha sabanduxa
a laiarse pola membrana
de noite que a envurulla
todamente:

qué frío, ai Deus,
naquela neve da Varsovia
onde ti nunca estiveches.

Se o zoar do vento ten cor
de loito, e tódolos paxaros
son de follalata e peteíran
nos teus ollos.

Se non hai soños
e só xeringas de inverno
a chantarte noxo nas veas

e ti queres volver á lapa
que gabeaba,

axeónllate
no Miño a beber memoria.
E enrólate cos recordos
nun barco feito de miraxes,
e bótaos a ser Sinbades
navegando as espirais
de todas esas cercanías
que unha vez foron con alguén,
todamente.

Qué sol, ai Deus,
naquela praia do Caribe
onde ti nunca estiveches.

E has lembrar unha Penélope
que non tecerá agardándote.
A mesma para a que fas
este infinito, ti de volta
dun Caribe a onde xamais
puídeches gabear.

Ai Deus,
¿el estarás sempre en Varsovia?

Desde a casa esmoucada

Na lareira dos devanceiros
xa non quedan rescaldos.
Mallou o Nordés con furia
na galería vella.
Monllos de lóstregos tronzaron
as pólas todas da figueira
e a saraiba deixou sen rebentos
as buganvileas.
Logo pasaron pola horta os vándalos
e xa non hai andoriñas
aniñadas no beirado.
Todo é noite nas pálpebras.
Que veña dunha vez a brétema
do esquecemento,
 que sepulte
estas ruínas, sen piedade.
E que non quede nada
e renazamos nós outros,
contra a desesperanza.
Trala sentenza da verdade.